

ANUARIO BRIGANTINO

2021

N.º44



ANUARIO BRIGANTINO

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité Científico

Ángel Arcay Barral (director)

Xosé M.^a Veiga Ferreira (subdirector)

Alberto López Fernández (secretario)

Martín Almagro Gorbea

Fernando Alonso Romero

Manuel Ares Faraldo

Manuel Ma de Artaza Montero

Pablo Cancelo López

Marta Colón Alonso

Concepción Delgado Corral

Alfredo Erias Martínez

M.^a Jesús Lorenzo Modia

Carmen Manso Porto

Xosé Luís Mosquera Camba

Manuel Núñez Rodríguez

James Duran/Séamas Ó Direáim

Carlos Pereira Martínez

Antonio Raúl de Toro

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Xesús Torres Regueiro

José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†):

José Antonio Fernández de Rota

Antonio Meijide Pardo

José Antonio Miguez Rodríguez

Xulio Cuns Lousa

José García Oro

Luis Monteagudo García

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Colaboradores técnicos:

Yosune Duo Suárez

Martín Fernández Maceiras

Silvia Muíño Naveira

José Luis Pariente

Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2021 n.º 44

Dos traballos asinados
responden os seus autores;
dos demais, a dirección do
ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de
orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais

Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña

Tlf. 981 77 36 93
anuariobrigantino@betanzos.net

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos. A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet.

Está considera na categoría “C-Normal” segundo a valoración do Ministerio de Cultura e clasificada así mesmo pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades). Aparece tamén integrada nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *Centro de Información y Documentación Científica* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); DIALNET (*Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana*); RILM Abstracts of Music Literature (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); Ulrich's Periodicals Directory; REBIUN (*Red de Bibliotecas Universitarias Españolas*); CARHUS Plus + 2018; RESH (*Revistas Españolas de Ciencias Sociales y Humanidades*).

Cuberta:


*Debuxo dun fragmento da fonte da
Diana Cazadora de Betanzos deseñada
por Pedro Villar.*

Contracuberta:

*Debuxo a partir fotografía de Ferrer
"Vendedoras na rúa da Porta da Vila".*

*Deseño da cuberta, composición e
maqueta: Yosune Duo Suárez.*

*Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI*



ÍNDICE

* Gravados rupestres no concello de Paderne, polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DETRASANCOS.....	11
* Dous machados de tope inéditos do Museo das Mariñas e o «Grupo 29» de Luis Monteagudo, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	23
* Un pequeno puñal de espigo inédito del Museo das Mariñas: sobre armas, imagen y “representación” en los inicios de la Edad del Bronce, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....	33
* Nuevos elementos arqueológicos en Coirós (A Coruña), por DAVID FERNÁNDEZ ABELLA.....	41
* Ara romana de Perbes <i>Conventus Lucensis</i> , provincia Hispania Citerior, por FELIPE ARIAS VILAS e M. ^a DOLORES DOPICO CAÍNZOS.....	55
* Revisións y actualizacións del <i>corpus</i> de inscripciones romanas de Galicia (Hispania citerior), por JUAN MANUEL ABASCAL.....	59
* La Virgen de la Leche de Santa María de Conxo, por CARMEN MANSO PORTO.....	101
* Benfactores de la provincia de A Coruña: Los legados a los Establecimientos de Beneficencia Provincial (II), por MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ.....	151
* Los Verederos de Betanzos 1789-1831, por ANDRÉS MOSQUERA GALÁN.....	177
* Crónica del Somatén Armado en el Partido de Betanzos (1920-1932), por JOSÉ LUIS CRESPO GARRIDO.....	185
* 10 anos do Memorial Carlos López García-Picos: a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional, por JAVIER ARES ESPÍÑO.....	233
* La restauración del retrato de Carmen Echeverría-Olaverri pintado, por Víctor Morelli, por CREA Restauración S.L.....	243
* A Porta da Vila de Betanzos: a súa demolición e ensanche, por DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA.....	267

* Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945). O caso da comarca de Betanzos, por ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ e CARLOS LOZANO GONZÁLEZ.....	307
* “ <i>En las orillas del Sarela</i> ”. Exclaustración, xardín e literatura no pazo de San Lourenzo, por RICARDO VARELA.....	321
* A representación da tecnoloxía no parque do Pasatempo de Betanzos. Análise do mergullador e do dirixible, por YOSUNE DUO SUÁREZ.....	339
* Luis Cortiñas (1900-1987). Nacionalismo, republicanismo, condena e exilio, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	357
* As obras particulares no Arquivo municipal de Betanzos (1931-1962), por ÁNGEL ARCAZ BARRAL.....	453
* Actualizando a tradición: uns Xogos Florais do século XXI, polo grupo PESQUEDELLAS.....	479
* ACONTECEMENTOS DO ANO.....	487
* ENTIDADES CULTURAIS.....	519
* Presentación do Anuario Brigantino 2020, por ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO.....	537
* Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021), por ALFREDO ERAS MARTÍNEZ.....	551
* Homenaxe a Alfredo Eras, pola REDACCIÓN DO ANUARIO BRIGANTINO.....	559

Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021)

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Sra. alcaldesa en funcións, demais membros da Corporación municipal, autoridades, exalcalde e amigo Antolín Sánchez Presedo, amigas e amigos:
Ante todo estou moi agradecido pola vosa presenza neste acto, que é unha mostra do voso apoio ó *Anuario Brigantino*, pero tamén de agarimo a tódolos que estamos levando a cabo este gran proxecto betanceiro e galego que se iniciou no 1948 co seu creador don **Francisco Vales Villamarín** que desta maneira facía renacer o espírito da **Irmandade da Fala de Betanzos** da que fora presidente no 1918, ano en que organizou uns Xogos Froraes que se conteñen nun libro que é certamente o xermolo do *Anuario Brigantino*. Debemos respectar sempre a figura de don Francisco porque fixo algo moi difícil naquel tempo e fíxoo con poucos apoios e cunha tecnoloxía moi primitiva. Daquela non había ordenadores, nin impresoras, nin fotocopiadoras, nin móbiles, nin se mandaban e-mails a velocidades lumínicas, nin se podía maquetar como hoxe o facemos tranquilamente cun ordenador portátil en calquera parte. Era un mundo máis complicado e lento. E aínda así el puxo a semente. Seguiu o *Anuario* no 1949 e no 1951, logo parou 30 anos e renaceu co alcalde **Vicente de la Fuente**, axudado e inspirado polo seu irmán **Santiago**, no 1981, con don Francisco aínda á súa fronte. Daquela don Francisco era xa moi vello, pero arredor do seu mito o concello volveu sementar cultura, creándose o Arquivo Municipal, levantándose de novo a Biblioteca e facendo renacer o *Anuario Brigantino*. Desde ese ano xa saíu ininterrompidamente ata hoxe, de maneira que esa segunda etapa cumpre agora coa presentación deste *Anuario Brigantino* 2020, 40 anos.

A roda da vida xira sen parar e para min hoxe é o momento en que me toca despedirme de todos vós como funcionario en activo deste querido concello de Betanzos, que foi a miña casa nos últimos 40 anos. Despidome como arquivista, como bibliotecario, como director do Museo das Mariñas e tamén como director do *Anuario Brigantino*. O motivo é simplemente que me xubilo. De feito, xa estou xubilado desde o 30 de setembro.

Entrei neste concello o 12 de xaneiro de 1981 e estiven nesa primeira etapa contratado ata o 31 de decembro de 1982. Nesa etapa salvouse o que aínda se podía salvar do Arquivo Municipal, poñéndose as bases da súa reconstrución; e botou a andar de novo a Biblioteca. Logo fixen o servizo militar en Colmenar Viejo, logo na Brunete (no Goloso, cerca de Madrid) e, finalmente, en Capitanía na Coruña a onde me trouxo o meu querido amigo, que nunca esquecerei, o capitán **Ignacio Novoa Cisneros** que faleceu non hai moito. E, a partir do 1 de maio de 1983, volví coa praza en propiedade de arquivista-bibliotecario, praza que creara o alcalde Vicente de la Fuente, daquela pertencente á UCD. Pero houbo unhas eleccións e nese momento gobernaba o PSOE, co alcalde **Antolín Sánchez Presedo** á fronte da Corporación.

* **Alfredo Erias Martínez** foi director do *Anuario Brigantino* desde o correspondente a 1983 ata o de 2020, sendo 38 os números ininterrompidos que dirixiu.



Debeu ser nos primeiros días de 1984 cando Antolín me chamou á alcaldía e me dixo que pensaba adscribir o Museo das Mariñas ó servizo de Arquivo e Biblioteca e nomearme en consecuencia director del e tamén do *Anuario Brigantino*. Sen tempo para dúbida, díxenlle que si e aí empezou unha nova e longa etapa para as institucións e para min.

Por iso lle agradezo moito que estea hoxe aquí, posto que considero que ó ser el o que iniciou este círculo, debe agora pechalo. Ademais, sempre sentín o seu apoio e para min foi moi importante e, mesmo ó principio, fundamental. Pensen que cando me nomeou non sabía se eu ía estar á altura ou non.

Ademais, a oposición, que lexitimamente tiña outro candidato, estivo en contra co argumento de que eu era militante do PSOE, cousa que non era verdade (eu, seguindo as ensinanzas de meu pai, nunca tiven carnet de ningún partido nin xoguei a ser político), e, aínda que non transcendeu, no propio PSOE había algún concelleiro que non lle parecía eu a persoa máis axeitada. Total, que a nivel político tiña o apoio seguro de Antolín e iso era o único que eu tiña claro. A partir daí, dirixín o *Anuario* de 1983, cun facsímil de *El Censor*, o primeiro periódico que se conserva e que xurdira 100 anos antes, no 1883, e a oposición non tivo argumentos para dicir que había manipulacións políticas na revista, pero si dixo que era demasiado cara e, como consecuencia, os seguintes números saíron máis delgados, pero saíron.

E iso é algo que considero debe ter presente o director ou directora que me suceda: non é importante que o *Anuario* saia con máis ou menos páxinas, e con máis ou menos exemplares da imprenta; o importante é que saia tódolos anos e a ser posible puntualmente.

Como sabedes, Antolín foise pronto para Santiago como deputado, logo formaría parte dun goberno da Xunta, máis tarde sería europarlamentario, etc. e en Betanzos quedou o Alcalde **Manolo Lagares**, que estivo nada menos que 21 anos (eu cóntoos polos *Anuarios* que presidiu), tendo en boa parte deles como delegado de Cultura a **Francisco Díaz Pereira Pachico**, e para min as cousas estabilizáronse. Os que se opuxeran a min empezaron a aparecer pronto na presentación dos *Anuarios* e o número de páxinas foi engordando pouco a pouco ata parar nas 600. Logo chegou a alcaldesa **Mari Faraldo**, do Partido Popular, coa que presentamos a web da revista, a primeira web en Galicia dunha revista semellante e que daría ó *Anuario* unha presenza mundial. E todo seguiu o seu camiño con



Ramón García Vázquez e agora con María Barral Varela.

O *Anuario* é un arma cultural de primeira magnitude que axuda moito á dinámica das demais institucións; por iso espero que quen gañe a oposición a director do Arquivo, da Biblioteca e do Museo das Mariñas sexa quen dirixa tamén o *Anuario Brigantino*. É o máis lóxico.

Estou moi agradecido a tódolos alcaldes e a tódalas alcaldesas dos últimos 38 anos por manterme á fronte do *Anuario Brigantino*. É certo que supón moito traballo e moita responsabilidade, pero tamén permite unha relación estreita co mellor da intelixencia de Galicia no campo das Humanidades e iso non ten precio.

Desde logo é una grandísima honra ter sido director desta revista durante tantos anos e iso levareino sempre con orgullo.

Teño dito noutras ocasións, e hoxe pensando en quen me suceda debo repetilo, que ningún alcalde ou concelleiro me dixo nunca o que tiña que facer no *Anuario Brigantino* e daquela eu tiven que infundirle unha filosofía que se foi facendo clara ó pouco tempo, e esta é a seguinte:

-O *Anuario* é, por riba de todo unha revista de investigación académica que debe procurar sempre un nivel universitario.

-O seu ámbito de actuación é fundamentalmente Galicia, podendo abarcar o norte de Portugal e puntualmente máis aló. A idea é converter Betanzos nunha capital cultural de Galicia que dalgunha maneira recorde que foi antes unha capital política e administrativa, como capital de provincia, durante séculos.

-No *Anuario Brigantino* os autores teñen liberdade en canto ó emprego das tres linguas do noso entorno cultural: o galego, o español e o portugués. Esta liberdade é un dos aspectos que máis fortaleceron á revista e que na miña opinión habería que preservar no nome da Liberdade con maiúscula, porque calquera outra opción, por ben intencionada que fora, non deixaría de ser unha imposición totalitaria.





Como vos podedes imaxinar, durante estes últimos meses dábase voltas a cabeza pensando que dicirvos hoxe.

Pensei, por exemplo, que como os verdadeiros protagonistas do *Anuario* son os autores, unha maneira de facelos presentes a todos era simplemente dicir o seu nome, pero son moitos (eu contei 484 desde 1948 ata hoxe) e, decididamente, desbotei a idea. Porque ademais, tédelos todos á man accedendo á web do *Anuario* e ó portal Dialnet.

Pensei tamén que podería ser interesante contar a ilusión e o entusiasmo xeneralizado que se vivía en Betanzos e en todas partes naqueles anos de principios do novo réxime democrático e descentralizado, no chamado estado das autonomías, entre finais dos anos 70 e principios dos 80 do século XX. Podería, seguía a pensar eu, comparar ese tempo co que hoxe vivimos. Pero tamén desbotei facelo, porque caería fatalmente nun discurso melancólico ó relatar o que semella ser o final daquel réxime, sen que se albisque unha saída ilusionante por ningures.

Aínda pensei outra cousa: facer para todos vós un informe de como están hoxe as institucións que dirixín durante os últimos 40 anos, pero tampouco me pareceu unha boa idea, porque podería verse como un relato de autocomplacencia e porque, en todo caso, a realidade visible, a boa, a regular e a mala, pode entreverse bastante ben nas propias webs desas institucións.

<https://anuariobrigantino.betanzos.net/>
<http://archivomunicipal.betanzos.net/>
<http://hemeroteca.betanzos.net/>
<http://museodasmarinas.betanzos.net/>
<http://anuariobrigantino.betanzos.net/Biblioteca.htm>

Por conseguinte, só me queda agradecer a tódalas persoas que me axudaron, desde as distintas corporacións municipais ata o subdirector **José María Veiga**, compañeiro e amigo fiel, o meu brazo dereito; ós secretarios **Xulio Cuns** (xa desaparecido) e a **Alberto López**, amigos os dous de verdade, e ós numerosos colaboradores técnicos que figuran nas primeiras páxinas dos distintos números da revista e que personalizo na miña compañeira de traballo Ermita Rodríguez que é un apoio fundamental para moitos dos traballos que facemos nas institucións e de feito asina con José María e comigo un traballo arquivístico neste Anuario, relativo ó arquivo da «Empresa de conducción de Sales» de D. Manuel Martínez Vega do Alfolí que se desenrola entre 1828 e 1885 e que ten, por exemplo, 8.602 cartas recibidas. E agradecemento tamén para **Pilar Vázquez Ares** polo seu esforzado e positivo traballo na Biblioteca Municipal.

Non me quero esquecer da **Imprenta Lugami**, que é un orgullo para Betanzos e que vin desenrolarse de maneira espléndida durante todos estes anos, desde unha empresa tecnicamente case decimonónica a outra punteira en Galicia. Noraboa para o seu director, **Jesús Ares** e para a familia e traballadores. Con todos eles, en maior ou menor medida, tamén tiven relación estreita durante estes 38 anos. Debemos seguir apoiando esa empresa betanciera exemplar.

E, fundamentalmente, teño moito que agradecer ós autores dos traballos de investigación. Entre todos enchemos as páxinas dos últimos 38 números do *Anuario Brigantino*, revista que favoreceu tamén a existencia en Betanzos dun grupo de investigadores locais que nos están a dar gratas sorpresas.

Estar 38 anos como director ininterrompidamente desta revista de investigación é motivo dunha gran honra para min, pero tamén hai que ter en conta que é moito tempo. Por iso creo que haberá, seguro, persoas máis novas, con capacidade técnica e con ilusión suficiente como para darlle ó *Anuario Brigantino*, ó Arquivo, á Biblioteca e ó Museo, unha nova etapa florecente. Teño plena confianza niso.

Nunca pensei que na miña despedida pasaran tantas cousas e ademais boas.

Para empezar, un grupo de amigos con **Vicente de la Fuente, Luis Sande, Juan Suárez, Eduardo Fuentes e Carlos Pereira** á cabeza, pero con outros á súa beira como **Antolín Sánchez Presedo e Juan María García Otero**, organizáronme unha homenaxe increíble no Pazo de Leis de Santa Cruz de Mondoí (10-09-2021) que nin eu nin a miña familia poderemos esquecer nin agradecer suficientemente nunca. Moitísimas gracias a todos os que organizaron iso e a tódolos participantes nesa celebración.

Pero ademais pasaron outras cousas. Por exemplo, o feito de que a partir dun traballo que fixemos José María Veiga, Juan Sobrino e máis eu, documentando amplamente o tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte orixinal, xurde en Betanzos un grupo de xente que efectivamente reivindicaba que a ese tramo se lle dese a consideración de camiño xacobeo que en xustiza lle pertence. Antolín tivo niso un papel moi importante e xuntos, con outros amigos, fixemos ese camiño desde Vilalba a Betanzos os días 23, 24, 25 e 26 de xuño deste 2021. Pero a cousa non quedou aí, porque encargado eu de facer unha xestión coa catedral, para sorpresa de todos, o delegado de peregrinacións, **don Segundo Leonardo Pérez López**, anterior deán e delegado de peregrinacións, no nome do Cabido catedralicio mandounos un documento dicindo que «**conforme á documentación presentada e o correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela**» e «**Por elo, ós peregrinos que recorran este tramo e que cumplan as condicións acostumadas... concederáselles a Compostela...**» A partir daí o concello de Betanzos o pasado día 9 de outubro reuniu no Cine Alfonsetti a tódolos alcaldes e alcaldesas dese tramo de camiño e a todos nos pareceu que aquilo era o punto de non retorno para que ese camiño se puxera en pé como camiño xacobeo, con tódalas implicacións que iso pode supoñer para tódolos concellos que atravesara.

Que un traballo do *Anuario Brigantino* poida cambiar a vida de moitas familias entre a Terra Cha e as Mariñas de Betanzos é algo que nin nos nosos mellores soños pensabamos os autores daquel traballo que poidera suceder.

Tamén nos últimos tempos tivo lugar a doación á Biblioteca Municipal da Biblioteca persoal de **Juan María García Otero**, un conxunto valioso e voluminoso de libros que enriquece o noso patrimonio bibliográfico, ó vir da persoa que creou as revistas *Restauración y Rehabilitación* e tamén *Restauro*.

E cando xa me estaba indo, a miña amiga de tantos anos, **Mercedes Morandeira (e familia)**, presente sempre na presentación do *Anuario Brigantino* coa súa irmá **Mari Carmen**, á que recordo con moito agarimo e que faleceu estes días, emprazoume para doar ó Arquivo Municipal o seu impresionante arquivo fotográfico sobre Betanzos, xuntado con mimo durante toda a súa vida.

En fin, semella que os asuntos das institucións tiran de min cara atrás, pero para as institucións eu xa vou sendo pasado e así debe ser. As institucións teñen moito que medrar e a min sempre me quedará o orgullo de haber estado nelas nos tempos primeiros, neses nos que se poñen os cimentos sobre os que outros construírán.

Non teño a máis mínima intención de estorbar en nada a quen me suceda. Simplemente, cando, despois da anunciada oposición, saibamos quen é esa persoa, quero que saiba desde agora que me poño á súa disposición para que o paso dunha etapa á outra sexa o máis doado posible. Dareille traballos que quedaron sen publicar para que os considere, amosareille como o facía eu por se lle serve de algo, facilitareille tamén o contacto con numerosos investigadores, direille como facía e como mantiña as páxinas web, tanto do *Anuario* como das demais institucións, e mesmo lle darei alternativas para dirixir sen maquetar, porque un bo director ou unha boa directora non ten porque maquetar a revista. E, a partir daí, será obviamente esa persoa a que marcará o rumbo que mellor considere e todos nós debemos apoiala.

MOITÍSIMAS GRACIAS!

MOITA SAÚDE PARA TODOS!

LONGA VIDA Ó ANUARIO BRIGANTINO!



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico. O ámbito de investigación primará o marco xeográfico de Betanzos e a súa comarca, sendo extensible ao resto de Galicia. Está editada polo Concello de Betanzos e a súa periodicidade é anual.

Orixinais

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato, lingua e soporte

Os traballos deben enviarse por correo electrónico a anuariobrigantino@betanzos.net. Os textos remitiránse en galego, castelán, portugués ou inglés en calqueira programa de procesador de textos (Word, Open Office e similares) e as fotos en formato JPEG ou TIFF.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

Autor-Autores

Engadirase unha nota biográfica do autor ou autores, que non exceda as 5 liñas maquetadas. Dita nota debe incluír o correo electrónico, a institución onde presten os seus servizos e a labor que desempeñan.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (abstract) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas. Ademais haberá que escoller cinco palabras

clave que definan o contido do traballo e presentalas no idioma orixinal do traballo e na súa tradución ao inglés.

Texto

Empregarase a cursiva para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar. As comiñas simples " resérvanse para conter significados. As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...]. As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Citas parentéticas complementarias da bibliografía final.

No texto, entre paréntese, sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación.

Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente.

Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureaux, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a). Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de et al.

Notas ó pé

As notas ao pé aparecerán ao final do texto e non conterán referencias bibliográficas, xa que estas deberán aparecer dentro do propio texto e colocadas entre parénteses. As notas ao pé servirán unicamente para desenvolver de forma somera algunha idea ou aportación que non vaia aparecer no texto do artigo. Empregaranse as notas ao pé para citar as obras literarias antigas, as notas ao pé e os recursos electrónicos:

Recursos e edicións dixitais

Indicarase a dirección web e a data de consulta entre corchetes.

RICCIONI, Stefano (2008): «Épiconographie de l'art roman en France et en Italie (Bourgogne/Latium). L'art médiéval en tant que discours visuel et la naissance d'un nouveau langage», Bulletin du Centre d'Études Médiévales d'Auxerre, no 12 [<http://cem.revues.org/index7132.html>]. Consulta de 10-10-2008].

Notas de prensa

Poderán ir como nota ao pé indicando o título da publicación, a data de publicación, o número do exemplar e as páxinas. En caso de contar un título a nota ou a imaxe empregada, deberá ser escrito en cursiva.

Obras literarias antigas

Acoleranse ás referencias abreviadas de uso común, precedidas do nome do autor en maiúscula e do título da obra: SAN ISIDORO, Etimologías, II, 3, 5, entendéndose libro II, capítulo 3, sección 5. No caso de utilizar edicións modernas das mesmas, seguirase o formato da norma antecedente. Os textos bíblicos serán citados así: Éxodo 5, 1-2; Apocalipsis 12, 7. Pódense tamén utilizar as abreviaturas convencionais dos libros: Ex. 5, 1-2; Ap. 12, 7.

Bibliografía final

Monografías e obras colectivas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título en cursiva. Editorial, lugar de edición, [vol./tomo]. De existir varios autores, cada nome e apelido(s) se separarán por punto e coma. BARNAY, Sylvie (1999): Le ciel sur la terre. Les apparitions de la Vierge au Moyen Âge. Éditions du Cerf, París.

Se se trata dunha obra colectiva citada na

súa integridade, indicarase «ed./dir./coord.» entre o nome do compilador e o ano de edición.

CARRERO, Eduardo; RICO, Daniel (eds.) (2004): Catedral y ciudad medieval en la Península Ibérica. Nausicaá, Murcia.

Artigos de revistas

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». Nome da revista en cursiva, vol./tomo, no, páxinas. YARZA LUACES, Joaquín (1974): «Iconografía de la Crucifixión en la miniatura española, siglos X al XII». Archivo Español de Arte, t. XLVII, no 185, pp. 13-38.

Capítulos de libros e contribucións en actas de congresos

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». En: APELIDO(S), Nome completo (ed./dir./coord.): Título do libro ou volume de actas en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [vol./tomo], páxinas. KENAANKEDAR, Nurith (1974): «The Impact of Eleanor of Aquitaine on the Visual Arts in France». En: AURELL, Martin (dir.): Culture Politique des Plantagenêt. Université de Poitiers-Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médiévale, Poitiers, pp. 39-60.

Se o autor do capítulo coincide co autor do libro, non se reitera o nome, dándose por sobreentendido. SAUERLANDER, Willibald (1974): «Über die Komposition des Weltgerichts-Tympanons in Autun». En: Romanesque Art. Problems and Monuments. The Pindar Press, Londres, vol. I, pp. 223-267.

Catálogos de exposicións

Título da exposición en cursiva (ano), catálogo da exposición (Lugar, ano). Editorial, Lugar de edición. The Year 1200. A Centennial Exhibition at The Metropolitan Museum of Art (1970), catálogo da exposición (Nueva York, 1970). The Metropolitan Museum of Art, Nueva York.

No caso de citar unha contribución concreta dentro dun catálogo, proceder segundo a norma precedente incluíndo os datos precisos da exposición de acordo coa presente norma. CUADRADO, Marta (2001): «Virgenes abrideras». En: Maravillas de la España Medieval. Tesoro sagrado y monarquía, catálogo da exposición (León, 2000-2001). Junta de Castilla y León, vol. I, pp. 439-442.

Teses doutorais e memorias de investigación inéditas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título da tese en cursiva. Tese doctoral/memoria de investigación inédita, Universidade/centro de investigación.

PÉREZ HIGUERA, María Teresa (1974): Escultura gótica toledana. La catedral de Toledo (siglos XIII- XIV). Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.

Edicións de fontes e obras literarias

NOME E APELIDO(S) (ano): Título en cursiva. Edición de APELIDOS, Nome (ano da edición moderna): Título da edición en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [volume/tomo].

JOHANNES GERSON (1363-1429): Opera Omnia. Edición de DU PIN, Louis Ellies (1987): Johannes Gerson. Opera Omnia. George Olms Verlag, Hildesheim, vol. III.

Se non se pode precisar a data exacta da fonte orixinal, indicárase o século, e se tampouco fose posible indicar isto, deixarase en branco indicando ó final a data da edición moderna.

Ilustracións

As imaxes incluídas serán fotografías ou deseños libres de dereitos. En caso de reproducir imaxes xa publicadas, deberá citarse debidamente a fonte orixinal. No caso de imaxes tomadas de Internet, especificarase a dirección web e a data de captura. En todo caso, o autor do traballo será o responsable de calquera posible vulneración de dereitos. O envío das imaxes debe facerse en formato JPG ou TIFF, cunha calidade mínima que permita a súa edición e maquetación. De non ser así, poderá ser descartada. De existir un lugar determinado dentro do texto para a colocación das imaxes, debe ser indicado cunha numeración correlativa (Imaxe 1, Imaxe 2, etc.) para facilitar o traballo de edición posterior. Cada foto deberá ir acompañada dun texto para o pé de foto no que se citará a información do seguinte xeito: APELIDOS, Nome (Ano). Título ou descrición da fotografía en cursiva. Medidas, fondo.

Fig. 14. FERRER (ca.1890). Vendedoras na rúa da Porta da Vila. Arquivo Municipal de Betanzos.

Se se trata da reprodución dalgunha obra de arte o sistema será similar:

APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra en

cursiva. Material e medidas se se coñecen. Fondo do que procede.

Fig. 15. LÓPEZ CRESPO, J. (1903). José Ildefonso Portal Montenegro. Museo das Mariñas.

Dereitos

Os autores serán sempre os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica nin a publicación do traballo supón ningún tipo de relación contractual co Concello de Betanzos.

Revisión

Será decisión do Comité Científico a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos no tema, revisando o traballo de forma anónima seguindo o sistema de dobre cego e emitindo un informe no que se valorará a pertinencia da súa publicación.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo de dous anos, dependendo sempre das necesidades da revista.

O *Anuario Brigantino* contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

Corrección

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios substanciais do texto entregado.